

## “POLO RÍO ABAIXO HAI...”

Corte 1 : Son da auga + corte 2: alalá de Muxía

-Entre o son da auga. (música auga)..... E co son dun alalá...(música alalá).....  
Comezamos esta viaxe fluvial polo val do Caselas.

-O Caselas é o río que dá nome ó noso concello.

-Un río pequeno que nace na parroquia da Picoña e que conflúe, finalmente, co río Tea, en Salvaterra.

-Á beira deste río , rehabilitados nos últimos anos, hai un conxunto de varios muíños que hoxe imos percorrer.

-Así que, co rumor da auga, e indo polo río abaixo entre a vexetación da ribeira, iremos escoitando as historias que reviven dentro destes muíños.

Corte 2: alalá

-Estas construcións, feitas en pedra, era onde se moía o gran para facer a fariña coa que logo se facía o pan e que formaba parte da vida cotiá dos veciños e veciñas. Era unha forma de desenvolvemento económico da zona.

Corte 2:Alalá

-Pero, ademais de moer, nos muíños tamén se cantaba, bailaba e contaba...

-Era un lugar de traballo pero tamén de divertimento onde longas noites e días a xente convivía e socializaba.

Corte 2: alalá( subir 2”)

Corte 3: sons de pasos entre a vexetación e son de auga (3”)

-Ó pouco de iniciar a senda , atopámonos co muíño das Covas, un dos máis coñecidos na zona. Ó cruzar a porta, o muíño está en funcionamento e entón prodúcese a maxia.... alguén canta!

Corte 4 : audio da Sra.Celia Delfín: “miña nai e máis a túa teñen un barullo armado....”

-Continuando, entre salgueiros e amieiros, encontramos o muíño máis grande da senda, o muíño da Laxe.

-Tamén se coñece como o “ muíño dos Cregos”, xa que foi propiedade de dous irmáns curas deste barrio.

-Hoxe en día é un centro de interpretación que se pode visitar.

- Ao entrar..... volve pasar....!!!! (entoación!!)

Corte 5: Audio do Sr. Norberto Lemos: " unha noite no muíño, unha noite non é nada..."

\*Sons dos pasos

-Proseguimos o camiño e facemos a 3ª parada no muíño de Marcial ou muíño dos Fondóns, xa na parroquia de S.Xurxo. O son da moa , o son da auga, conversan entre si, e con quen queiran escoitalos.

Corte 6: son da auga e do muíño moer

-Durante o camiño o silencio é fundamental para non asustar ás aves que aniñan nesta paraxe. E así conseguiredes ver algunha parella de lavancos, escoitar o croar dalgunha ra, ou oír o chiar dalgún ferreiriño.

- Última parada ,antes de regresar, no muíño de Figueiras onde resoa esta muiñeira....(pausa) Bailas?

Corte 7: Audio do Sr. Manuel Valcárcel. Muiñeira "antes d´onte era un neno..."

\*E de seguido introducir a muiñeira de Grada

-No camiño de volta, os muíños seguen moendo, en cada canto que cada quen leve na súa memoria.

- E se ao rematar , alguén queda con ganas de máis, pode continuar coa senda do río Landres, un afluente do Caselas, no que un lavadoiro e seis muíños conforman este conxunto etnográfico de..... ¡¡¡¡¡ Salceda de Caselas!!!!!! ( quedando ben claro na entoación o nome do concello)

- Convidados estades a vir facer a senda do muíños.

- Podedes camiñar sen máis; ou tamén podedes cantar. E bailar. Non volo vai quitar ninguén. Os muíños e o río poñen a música. Sempre están a poñer a música!!!

- Cando vés?

Corte 8; música: rematar co alalá con instrumentación

-As voces son de ..... , ..... e ..... , alumnas do IES Pedras Rubias de Salceda de Caselas.

Corte 8; música: rematar co alalá con instrumentación